

Ferro de pasar

Cando apareceu

Historicamente a roupa sen engurras considerábase un símbolo de distinción entre clases sociais. Os primeiros utensilios utilizados eran pezas lisas de madeira ou ferro que se pasaban sobre a roupa en frío.

Dende o século IV comezaron a deseñarse modelos formales cos mesmos fines que o ferro actual. En China utilizaban un recipiente de lata con brasas e un mango. En occidente tardamos ata o século XV en comezar a utilizar o alisador (en frío).

No século XII apareceu o termo de ferro de pasar.



Como funciona

No **século XVII** as familias modestas utilizaban unha **peza lisa de ferro con mango que se quentaba colocándoa sobre o lume**. Este instrumento tiña a desvantaxe de manter a calor pouco tempo e deixar feluxe sobre a roupa. Na mesma época as familias acomodadas utilizaban o ferro de pasar con **caixa que contiña brasas e mantiña a calor durante máis tempo**.



Séguese usando?

Sí, pero agora son eléctricas de vapor.

No ano **1882** o norteamericano Henry W. Seely ideou o ferro de pasar eléctrico, aínda que non tivo utilidade práctica ata **1924** coa introdución do termóstato regulable. O ferro de pasar eléctrico con difusores de vapor foi comercializado en **1926** pola compañía Eldec.

No século XXI este utensilio doméstico é **amplamente utilizado nos fogares de todo o mundo**.



